

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE AGASALLOS NADAL

1.- Obxecto

A finalidade é que os menores das familias máis desfavorecidas do concello de Ferrol teñan un agasallo polo Nadal e así contribuir a fomentar a igualdade dos nenos e nenas pertencentes a familias que nestes momentos teñen unha precaria situación económica.

A campaña vai dirixida aos menores con idades comprendidas entre 0 e 16 anos, debendo cumprir este requisito no momento da solicitude.

2.- Persoas beneficiarias e requisitos

Poderán solicitar estas axudas os representantes legais –pai, nai e titor/a dos/as menores que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado/a e residir no Concello de Ferrol cunha antigüidade mínima de dous meses.
- Convivir e estar empadroadado/ a cos/as menores para os que se solicita a axuda. (No seu caso ser o titular da garda e custodia) (Comprobarase de oficio)
- Que os ingresos económicos da unidade familiar non superen os máximos establecidos nestas bases. Da suma de todos estes ingresos se poderá descontar ate un máximo de 300 euros en concepto de gastos ocasionados polo aluguer ou pago da hipoteca da vivenda habitual.
- Presentar a solicitude e a documentación requirida en tempo e forma establecida polo Concello de Ferrol.
- O persoal técnico de Servizos Sociais poderá incluír de oficio menores beneficiarios desta axuda sempre que a excepcionalidade quede acreditada no expediente mediante informe técnico.

3.- Solicitudes e prazo

As solicitudes acompañadas da documentación preceptiva e os anexos deberán presentarse no modelo normalizado de solicitude asinado pola persoa solicitante (pai/nai/titor/a) na que se especificará o nome do/a menor ou menores. O modelo de solicitude e os anexos serán facilitados, ademais de no Rexistro Municipal, no Centro de Servizos Sociais e nas Unidades Básicas de Traballo Social, onde se dará información destas axudas.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o 21 de novembro até o 9 de decembro de 2016. As resolucións publicaranse o 19 de decembro, podendo recoller a partir desa data os vales agasallo.

O prazo de presentación de reclamacións será de 5 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da lista.

Todas as solicitudes presentadas fóra de prazo serán desestimadas.

4.- Documentación:

Se presentará xunto a solicitude:

- 1.- Modelo normalizado de solicitude completamente cuberto no que se especificará o nome do/a dos/as menor/es, para os que se solicita a axuda. (anexo I)
- 2.- Fotocopia de Documento Nacional de Identidade, permiso de residencia ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar.
- 3.- Fotocopia completa do libro de familia ou documento análogo (acta ou partida de nacemento)
- 4.- Xustificación da situación económica de todas as persoas que compoñen a unidade familiar maiores de 18 anos, entendendo todos os membros empadroados no domicilio con vinculo familiar ou relacional:
 - Informe de vida laboral.
 - Se está en situación de desemprego : fotocopia da tarxeta de demanda de emprego e certificado do Servizo Público de Emprego no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio por desemprego. Se estivo en activo no ano 2016: nóminas xustificativas dos ingresos percibidos pola súa actividade laboral nese período
 - Se está actualmente en activo copia das seis últimas nóminas
- 5.-Se é traballador/a por conta propia xustificante fotocopia compulsada da última declaración do IRPF, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar e informe de vida laboral.
- 6.- En caso de separación ou divorcio legal, copia da sentenza e do convenio regulador, así como xustificantes bancarios das achegas económicas establecidas na mencionada sentenza. En situacións de non pagamento, copia da solicitude da execución de sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións.
- 7.-Perceptores/as de RISGA: A documentación figura no Departamento de Benestar Social, polo que non terán que achegar o xustificante da contía mensual e soamente teran que presentar a solicitude facendo constar que son perceptores/as de RISGA.
- 8.-Calquera outra documentación que se valore necesaria para poder valorar situación de necesidade por parte do persoal do departamento de Benestar Social.

5.- Criterios de valoración

5.1. Baremo económico

No baremo económico terase en conta o 1,5 veces o IPREM, incrementando un 15% por cada novo membro e cun límite de 1397,02 euros, segundo o seguinte baremo:

Número de membros da unidade familiar	Contía
2	798,76 €
3	918,57 €
4	1.056,35 €
5	1.214,80 €
6	1.397,02 €

5.2.- Non se computaran os ingresos procedentes de acollemento familiar e coidados no entorno por coidador/a familiar e prestación por fillo/a a cargo.

6.- Contía da axuda

A contía máxima por menor será de 50,00 euros, que se fará efectiva a través dun vale que se trocará por xoguetes, cds, libros, roupa deportiva, artigos de deporte ou calquera material ou instrumento relacionado coas novas tecnoloxías (consolas, ordenadores...) nas entidades comerciais ferrolás que acepten o devandito vale do Concello.

O vale terá validez dun só uso. En caso de que o valor dos artigos sexa inferior ao dos vales, en ningún caso o comercio reintegrará a diferenza á persoa beneficiaria.

A validez dos vales e o seu canxe finaliza o día 9 de xaneiro de 2017 inclusive.

Estas axudas se materializan nun vale (co logo do concello de Ferrol e asinado polo/a funcionario/a de Benestar Social e pola concelleira de Benestar Social) que se entrega a cada familia beneficiaria polo importe total da axuda concedida en función dos menores que teñan. Poder ser fraccionados por solicitude da familia beneficiaria pero sempre serán de 50 € como mínimo.

As familias cambiarán estes vales en calquera establecemento comercial do concello de Ferrol que os acepte e subministrará á familia beneficiaria o material dacordo co especificado no propio vale quedándose sempre co vale en papel.

Posteriormente presentará a partir do 1 de xaneiro de 2017 factura dirixida ao Concello de Ferrol no Rexistro Xeral e obrigatoriamente debe achegar os vales correspondentes xunto coa factura.

Na factura constará o material subministrado ou ben achegar xunto cos vales os tickets de venta.

Logo de comprobar a correspondencia das facturas e os vales se fará o aboamento a cada establecemento comercial.

7.- Tramitación e resolución

- Presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello no modelo normalizado xunto coa documentación requerida
- Revisión da solicitude e documentación por parte do persoal de Servizos Sociais
- Resolución ditada pola concelleira delegada de Benestar Social
- Elaboración das listas provisionais e Publicación
- Resolución reclamacións e publicación listas definitivas. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 59.6.b e 60 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento común.
- Entrega dos vales

8.- Orzamento

A concesión da axuda está suxeita á existencia de orzamento na concellería de Benestar Social.

A tramitación é como expediente anticipado de gasto.

Ferrol, 4 de novembro de 2016

A concelleira

Saíza Ruíz Ferreño

ANEXO I

SOLICITUDES AGASALLOS NADAL 2016

Solicitante:

Nome e apelidos

DNI: _____

Enderezo: _____

Teléfono: _____

Menores:

Nome e apelidos	Data nacemento

Persoa perceptora de RISGA	SI	NO
Persoa perceptora de acollemento familiar	SI	NO
Persoa perceptora de coidados no entorno cuidador/a familiar	SI	NO

Aos efectos do disposto na Lei orgánica 15/99 de 13 de decembro de protección da datos de carácter persoal, o/a asinante autoriza o tratamento dos datos persoais (incluíndo a súa incorporación nos correspondentes ficheiros) incorporados na solicitude e noutros documentos normalizados relativos á xestión deste expediente. Que a finalidade para a que se utiliza o tratamento dos seus datos é para a xestión da súa solicitude e dar cumprimento á normativa aplicable. A/O asinante poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición relativo a este tratamento do que é responsable o Concello de Ferrol, nos termos da normativa vixente

Ferrol, de de 2016

O/A solicitante

Asdo.:

SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO II

As persoas asinantes declaran:

- que coñecen e aceptan as bases da convocatoria para a que solicitan a axuda.
- que todos os datos incorporados á solicitude se axustan á realidade.
- que quedan informados/as das de que a inexactitude das circunstancias declaradas dará lugar á denegación ou revogación da axuda
- a non presentación de documentación no prazo sinalado na convocatoria será motivo de denegación

Ferrol,

Asdo.

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE FERROL POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF) OU PATRIMONIO

A) DATOS DA PERSOA SOLICITANTE QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B) DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES

RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Ferrol,

